



Corrección de erros Resolución da Universidade da Coruña, de 2 de xullo, pola que de convocan as axudas para a “Recualificación del Sistema Universitario Español” para 2021-2023

No Artigo 1 onde di:

“a) Axudas Margarita Salas para a formación de novos doutores. O seu obxecto é a formación de novos doutores mediante estadias de formación nunha universidade pública española ou ben en universidades e centros de investigación estranxeiros, así como en organismos públicos de investigación españois, sempre que o último ano da estadía se realice nunha universidade pública española seleccionada polas persoas solicitantes.”

Debería dicir:

a) Axudas Margarita Salas para a formación de novos doutores. O seu obxecto é a formación de novos doutores mediante estadias de formación nunha universidade pública española ou ben en universidades e centros de investigación estranxeiros, así como en organismos públicos de investigación españois, sempre que o último ano da estadía se realice nunha universidade pública española seleccionada polas persoas solicitantes, podendo ser esta a UDC.

No artigo 3 onde di:

“Modalidade A: Axudas Margarita Salas para a formación de novos doutores

Poderase conceder un mínimo de 26 axudas para estadias de formación de tres anos de duración nunha universidade pública española ou en universidades e centros de investigación estranxeiros, así como en organismos públicos de investigación españois, sempre que o último ano da estadía se realice nunha universidade pública española seleccionada pola persoa solicitante, de conformidade coa repartición seguinte, segundo as grandes ramas de coñecemento:”

Debería dicir:

Modalidade A: Axudas Margarita Salas para a formación de novos doutores

Poderase conceder un mínimo de 26 axudas para estadias de formación de tres anos de duración nunha universidade pública española ou en universidades e centros de investigación estranxeiros, así como en organismos públicos de investigación españois, sempre que o último ano da estadía se realice nunha universidade pública española seleccionada pola persoa solicitante (podendo ser esta a UDC), de conformidade coa repartición seguinte, segundo as grandes ramas de coñecemento:

No artigo 9 onde di:

“A primeira delas realizará a avaliación das solicitudes da modalidade Margarita Salas e da modalidade María Zambrano. Nesta comisión haberá un membro da Mesa de contratación con voz, pero sen voto.”



UNIVERSIDADE DA CORUÑA



Financiado por la Unión Europea
NextGenerationEU

Debería decir:

A primeira delas realizará a avaliación das solicitudes da modalidade Margarita Salas e da modalidade María Zambrano. Nesta comisión haberá un membro do Comité de Empresa do PDI con voz, pero sen voto.

Salvador Naya Fernández

Vicerreitor de Política científica,

Investigación e Transferencia